

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA,  
O CONCELLO DE PONTEAREAS E ABANCA CORPORACIÓN BANCARIA S.A.  
PARA A CELEBRACIÓN DO CORPUS CHRISTI 2022**

**MEMORIA XUSTIFICATIVA**

O xerente de Turismo de Galicia

**DECLARA:**

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou co concello de Xinzo de Limia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2022.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre Axencia Turismo de Galicia e o Concello, para o apoio á celebración do Corpus Christi 2022.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

TURISMO DE GALICIA  
VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA  
E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
XUSTIZA E TURISMO  
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)  
15897 Santiago de Compostela  
[turismo.gal](http://turismo.gal)





Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

**Primeiro.-** A Axencia Turismo de Galicia, segundo o Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia e se aproban os seus estatutos, ten como obxectivo, impulsar, coordinar e xestionar a política autonómica en materia de turismo e, en especial, a promoción e a ordenación do turismo dentro da comunidade. Así mesmo, e de conformidade co disposto no artigo 9 dos seus estatutos, para o cumprimento dos devanditos obxectivos correspóndelle a dirección e coordinación das actuacións que poidan ter incidencia en materia de turismo.

**Segundo.-** Que a Lei 7/2011, do 7 de outubro, do turismo de Galicia, establece no seu artigo 93, baixo a rúbrica de festas de interese turístico de Galicia, que a Administración da Xunta poderá declarar festas de interese turístico de Galicia aquelas manifestacións que supoñan unha valorización da cultura e as tradicións populares e teñan unha especial importancia como atractivo turístico.

Estas festas de interese turístico de Galicia poden obter cumprindo os requisitos establecidos na normativa estatal de aplicación, a declaración de festas de interese turístico nacional e internacional.

O apoio ás festas de interese turístico é unha das liñas estratéxicas de traballo de Turismo de Galicia por considerar este tipo de eventos como un elemento esencial para o desenvolvemento turístico de Galicia non que atinxe á divulgación da oferta turística galega vinculada aos extraordinarios recursos turísticos deste país e impulsando así a mellora económica do sector.

**Terceiro.-** O concello de Xinzo de Limia ten competencias en materia de turismo, de acordo co disposto no artigo 25.2.h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, posto en relación coa Lei 7/2011, do 27 de outubro, do





turismo de Galicia, no exercicio das cales desenvolve diversas actuacións entre as que cabe destacar a celebración do Corpus Christi 2022.

**Cuarto.-** Esta festa é unha das celebracións máis destacadas de toda a comarca polo que Pontearreas é coñecida como a Vila do Corpus. As súas alfombras de flores son as máis importantes de Galicia e gozan de prestixio fóra da comunidade, sendo Pontearreas un referente internacional na arte de confección de alfombras florais e a súa tradición é unha das máis antigas do mundo.

Esta tradición que ten máis de 150 anos de antigüidade, perdura gracias ó tesón dos veciños. A maioría dos deseños son debuxos xeométricos e, en todos os casos sorprenden pola súa magnitude e cor. O significado das alfombras é profundamente relixioso.

A festa do Corpus Christi, malia á súa longa traxectoria, segue conservando as súas características máis orixinais: un traballo colectivo de numerosos veciños e veciñas, de todas as idades e condicións, a transmisión dunha sabedoría e unha destreza secular, a creatividade dos deseños...elementos que converten a esta festa do Corpus Christi de Pontearreas nunha expresión inconfundible da cultura popular de Galicia.

A tradición de crear estas artísticas alfombras de flores naturais creadas para a procesión do Santísimo Sacramento, dou lugar a que a Festa do Corpus Christi fose declarada de **Festa de Interese Turístico Internacional** no ano 2009.

**Quinto.-** Os artigos 193.1 b) e 195 h) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia establecen que as entidades locais galegas e a Xunta de Galicia axeitarán a súa actuación ao principio de colaboración mediante a subscrición de convenios. A tal efecto, as partes intervenientes acordan unir os seus esforzos para acadar o obxectivo sinalado.

Que a través deste convenio, outórgase ao concello de Lalín unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e





humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia

Emilio José De la Iglesia Lema

